

O PSOE considera que o *Plan Impulsa* “é o plan pantoasma da provincia”, pois “nin tan sequera” serviu para evitar o “forte declive” do tecido empresarial lucense

Por este motivo, anuncian que pedirán, no Parlamento, que o PP concrete, en primeiro lugar, as actuacións levadas a cabo pola administración autonómica en Lugo ó abeiro deste iniciativa; en segundo lugar, os beneficios que tivo o sector con este proxecto e, finalmente, se estas axudas permitiron reactivar a economía provincial e o asentamento de novas empresas

Os socialistas tomaron a decisión de levar este asunto á Camara logo de que en xaneiro, ó igual que fixo en 2010, Feijóo “tivese a indecencia” de volver anunciar 100 plans para cumprir o seu programa electoral, entre os que se inclúe, precisamente, a actualización do *Impulsa*; pois os datos demostra que “é un bluff da Xunta, que é papel mollado e que é unha estafa ó sector”

Aseguran que “o Presidente mentiuos á cara cando veu a Lugo para anunciar a súa posta en marcha, xa que onde están os 2.000 postos de traballo que dixo que se crearan en 2011 con este Plan?; onde está o investimento realizado ese mesmo ano con 171 millóns de euros; porque nin tan sequera aparece no Orzamento de 2014? Isto é o que nos teñen que explicar”

Por todo elo, sinalan que “a finalidade do Plan non pinta nada ben”, sobre todo, se ten en conta que, na web do Plan, os proxectos estrela que figuran só benefician ó sector privado e, apenas, se concreta en que consisten, nin donde se levaron a cabo nin cales son as empresas beneficiadas.

Pola contra, destacan, fronte á ineficacia da Xunta, outras administracións, como a Deputación, si que conseguen impulsar o colectivo industrial en época de crise, aplicando medidas que favorecen o asentamento das empresas nos polígonos da súa titularidade

LUGO, 11 DE FEBREIRO.- Os secretarios de Economía e de Organización, Pilar García Porto e Carlos Ferreiro, respectivamente, denunciaron este martes que o *Plan Impulsa Lugo*, posto en marcha pola Xunta de Galicia en 2008, é o “plan pantoasma da provincia, pois sabemos que existe, pero ninguén sabe onde está nin que resultados deu”. Por este motivo, e tendo en conta os últimos datos do paro, así como o número de empresas de Lugo que presentaron concurso de acreedores dende ese ano, un total de 248, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), os socialistas anunciaron que pedirán explicacións, no Parlamento galego, ó Partido Popular para que este concrete, en primeiro lugar, as actuacións levadas a cabo pola administración autonómica na provincia ó abeiro deste iniciativa; en segundo lugar, os beneficios que tivo o sector empresarial e industrial con este proxecto e, finalmente, se estas axudas permitiron reactivar a economía provincial e o asentamento de novas empresas.

Os socialistas tomaron a decisión de levar este asunto á Camara logo de que en xaneiro, ó igual que fixo en 2010, o Presidente autonómico “tivese a indecencia” de volver anunciar 100 plans para cumprir o seu programa electoral, entre os que se inclúe a actualización dos proxectos de discriminación positiva a zonas con menos desenvolvemento económico como os *Impulsa Lugo* e *Impulsa Ourense*. “Isto xa foi anunciado hai catro anos, o que nos fai sospeitar da súa viabilidade e eficacia. Por iso, queremos saber que é o que fixo a Xunta con estas axudas, a quen llas deu, e que pretende facer con esta actualización, pois os datos demostran que este

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

proxecto, que, supostamente, foi creado para reactivar o tecido empresarial e industrial de Lugo, está a ser un fracaso. O *Plan Impulsa* é un bluff da Xunta, é papel mollado e é unha estafa ó sector”, afirmaron.

Proba de que non serviu para evitar o forte declive do tecido empresarial e industrial da provincia, son os seguintes datos: preto de 1.200 traballadores se viron afectados por ERES en Lugo en 2013, a maioría procedentes dos sectores da industria e servizos; as principais empresas da provincia ou están pechadas ou tiveron que despedir a un bo número de empregados. É o caso, de Alimentos Lácteos, á que a Xunta, malia inxectarlle 9 millóns de euros, non foi quen de garantir a súa viabilidade, ECAR de Mondoñedo, o Grupo Mon, Sargadelos, Muebles Hermida, Cementos Cosmos, Tablicia, etc. Asimesmo, as oficinas de emprego da provincia rexistraron en xaneiro 1.159 parados máis que o mes anterior, é dicir, un 4,20% máis. Esta porcentaxe supera á media galega, que foi do 3,69% e a estatal, que alcanzou o 2,41%, e evapora o diferencial positivo do paro en Galicia, pois o descenso interanual na afiliación á Seguridade Social é tamén superior á media estatal.

Os datos son alarmantes, pero a Xunta segue presumindo de Plan

A pesares de que os datos son claramente alarmantes, a Xunta segue presumindo de Plan e de cumprir coas súas previsións. A este respecto, os socialistas aseguran que, “ademais de demostrarse que lle deron o tratamento erróneo ó enfermo, Feijóo mentíunos á cara cando veu a Lugo para anunciar a posta en marcha do *Impulsa* porque onde están os 2.000 postos de traballo que dixo que se crearan en 2011 con este Plan?; onde está o investimento realizado ese mesmo ano con 171 millóns de euros, dos que 62 millóns se destinaron, supostamente, ó desenvolvemento industrial?; porque o *Plan Impulsa* nin tan sequera aparece no Orzamento de 2014, nin no de anos anteriores, pois a última data na que o Goberno galego fixo referencia á súa consignación foi en outubro de 2010, cando o Executivo anunciou que multiplicaría por dous a partida destinada a este Plan, pasando dos 12 millóns ós 26,7 millóns”, destacaron os socialistas.

“Isto non pinta nada ben”

Por todo elo, os secretarios de Organización e de Economía coincidiron en sinalar que “isto non pinta nada ben, se temos en conta que, na propia páxina web do Plan, os proxectos estrela que figuran só benefician ó sector privado e, apenas, se concreta en que consisten, nin donde se levaron a cabo nin cales son as empresas beneficiadas. Pola contra, fronte á ineficacia da Xunta, subliñan, outras administracións, como a Deputación de Lugo, si que conseguen impulsar o colectivo industrial con medidas que favorecen o asentamento das empresas nos polígonos da súa titularidade.

Como exemplo deste “escurantismo” nos proxectos da Xunta, García Porto e Ferreiro, citaron os seguintes:

- préstamo de 4 millóns de euros para a posta en marcha dun centro de atención de persoas dependentes de Bóveda. “É dicir, 4 millóns para a empresa que xestiona estas instalacións. Coma sempre a Xunta beneficia a uns poucos e, como non podía ser doutro xeito, ó sector privado”, afirman.
- Apoios por valor de 12 millóns de euros co obxectivo de manter e crear novos postos de traballo na Mariña de Lugo. “Onde están estes empregos se as principais empresas colgaron o cartel de pechado ou tiveron que reducir a súa plantilla?”, pregúntanse. Precisamente, a Xunta manifestou publicamente que, só en 2010, prevía realizar un investimento de máis de 103 millóns de euros, creando 400 postos de traballo, moitos

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

deles nos Concellos da Zona Norte. Concretamente, as empresas creadas, instaláronse, supostamente, en Foz, Lugo, Mondoñedo, Ribadeo, O Corgo e Monforte. “Coñecen vostedes cales foron?”, indicaron

- O Conselleiro –Javier Guerra- presumiu en Tablicia do compromiso da Xunta co tecido produtivo de Lugo para apoiar a internacionalización e novos investimentos. “Pero, que foi o que fixo a Xunta para reflotar esta fábrica, onde está aquí o *Plan Impulsa*? Isto é o que nos teñen que explicar”, precisaron.
- E, finalmente, “onde están os 4.000 empregos que fixa o Plan Estratéxico, que custou 230.000 euros, e que se ían xerar en 8 anos con este Plan, pois estamos no ecuador do *Impulsa* e, a día de hoxe, pouco ou nada sabemos del”, concluíron os socialistas.